

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 1 DE XUÑO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Arbo de treitos do trazado actual e antigo das estradas EP-5202, EP-5203 e EP-5003.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación a realizar pagamentos anticipados de ata o 80 % da subvención concedida, de acordo co establecido no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta, así como a superación do límite do 80 % nos pagamentos anticipados e a conta, de conformidade cos artigos 67.4 e 62.2, respectivamente, do citado regulamento na resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas da iniciativa Fábrica intelixente e sostible orientada a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras para apoiar as empresas na súa transición industrial en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e pacto verde, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por importe de vinte e catro millóns de euros (24.000.000,00 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a Romaría do San Antonio Ventureiro da Rigueira (Xove, Lugo).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello do Grove para a execución do Plan de sustentabilidade turística O Grove. A Gastromeca. Construción dun novo modelo baseado na emoción e a autenticidade a través da súa cultura gastronómica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030 para executar polos grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por un importe total de douscentos mil euros (200.000 €).

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora de accesos ao Centro Hospitalario da Coruña (CHUAC).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Aceasca, Asociación de Apoio a Personas con Diversidad Intelectual, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil novecentos corenta e dos euros con corenta céntimos (17.942,40 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines, Amencer-Aspace para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade en tres centros educativos situados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de trinta e un mil douscentos setenta e un euros con catro céntimos (31.271,04 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Amicos, Asociación para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de quince mil trescentos setenta e nove euros con vinte céntimos (15.379,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo situado na provincia de Ourense, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Benéfica y Social de Padres y Amigos La Esperanza del Valle Miñor para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil novecientos corenta e dous euros con corenta céntimos (17.942,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de tres mil cincocentos oitenta e oito euros con corenta e oito céntimos (3.588,48 €).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de oito mil setecentos catorce euros con oitenta e oito céntimos (8.714,88 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de dezaioito mil catrocentos cincuenta e cinco euros con catro céntimos (18.455,04 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos de Espectro Autista (TEA) da provincia da Coruña (Aspanaes) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade en catro centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de setenta e tres mil trescentos euros con corenta céntimos (73.300,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de nove mil douscentos vinte e sete euros con cincuenta e dous céntimos (9.227,52 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de vinte e oito mil cento noventa e cinco euros con vinte céntimos (28.195,20 €).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Menela para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de vinte e un mil cincocentos trinta euros con oitenta e oito céntimos ( 21.530,88 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de seis mil cento cincuenta e un euros con sesenta e oito céntimos (6.151,68 €).

## CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e as entidades beneficiarias do programa de formación dual nos centros especiais de emprego, dentro das políticas activas de emprego previstas na Comunidade Autónoma no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por importe de trescentos sesenta mil euros (360.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2023, por importe total de dez millóns douscentos sesenta e oito mil euros (10.268.000,00 €).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan estratéxico de transformación da saúde dixital.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estadías formativas en entidades e empresas vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (programa Xuventude Mentoring na empresa. Importe total: un millón douscentos oitenta e nove mil cincocentos sete euros con corenta e oito céntimos (1.289.507,48 €).

### CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza e de recollida de residuos dos portos de Galicia dependentes da entidade pública empresarial Portos de Galicia, PRG 2022-130, por un importe total de nove millóns seiscentos sesenta e sete mil seiscentos corenta e cinco euros con corenta e dous céntimos (9.667.645,42 €) e un valor estimado de dezasete millóns cincocentos sesenta e catro mil trescentos noventa e nove euros con oitenta e cinco céntimos (17.564.399,85 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as axudas para a implantación de instalacións de enerxías renovables térmicas en diferentes sectores da economía, así como en edificios non residenciais, establecementos e infraestruturas do sector público.
- Informe sobre o estado da situación de Galicia Inviste 2022.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Informe sobre a extensión do programa de Polos creativos a todos os centros educativos galegos para fomentar as competencias STEM dentro da Estratexia Educación Dixital 2030.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a proposta do proxecto de anestesia sostible.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE ARBO DE VARIOS TREITOS DE 3 ESTRADAS PROVINCIAIS

- Transfírense treitos das estradas provinciais EP-5202, EP-5203 e EP-5003
- O Concello asume a titularidade destes tramos e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Arbo de treitos de tres estradas provinciais.

Esta transferencia ten lugar tras o convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Arbo para levar a cabo a mellora da mobilidade peonil nas estradas EP-5202, EP-5203 e EP-5003, que recolle o compromiso da Administración local de aceptar a titularidade de treitos destas vías.

Os tramos obxecto de cambio de titularidade a prol do Concello son: o treito final da estrada EP-5202 Arbo-Embarcadoiro, de 135 metros de lonxitude, entre o punto quilométrico 1+030 e o 1+165; o treito final da estrada EP-5203 PO-400-Estación, de 399 metros, entre o quilómetro 1+130 e o 1+529, e dous treitos antigos da EP-5003 A Cañiza-Arbo, situados no quilómetro 8+500, marxe esquerda, e despois do 12+355, tras o cruzamento coa PO-400.

Segundo o artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia.

O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre o Concello de Arbo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

O Concello de Arbo deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación destes treitos, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA CONVOCARÁ A 5ª EDICIÓN DE FÁBRICA INTELIXENTE E SOSTIBLE COA PREVISIÓN DE MOBILIZAR 70 M€ EN PROXECTOS QUE PERMITAN SEGUIR AVANZANDO NA TRANSICIÓN INDUSTRIAL**

- O Consello da Xunta aprobou esta mañá a nova convocatoria deste programa que busca, no marco da Axenda Industrial 2025, promover iniciativas de I+D+i estratéxicas para o tecido empresarial galego con apoios de entre o 15 e o 60 %
- As edicións anteriores impulsaron 24 proxectos que están mobilizando ao redor de 270M € nas industrias da automoción, agroalimentación, o naval ou o forestal, entre outros sectores estratéxicos para Galicia

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a nova convocatoria do programa Fábrica Intelixente e Sostible coa previsión de mobilizar 70 millóns de euros en proxectos que permitan seguir avanzando nun cambio de modelo sustentado na competitividade e no coñecemento incrementando a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial galega.

En total, destinaranse 24M € ata 2026 para promover iniciativas empresariais de I+D+i de carácter estratéxico para o tecido industrial galego e que se centrarán no desenvolvemento de tecnoloxías dixitais e verdes que serán fundamentais para acadar un modelo produtivo innovador. Por este motivo, Fábrica Intelixente e Sostible é un dos programas clave da nova Axenda Industrial 2025 da Xunta de Galicia.

As axudas, que terán unha intensidade de entre o 15 e o 60 %, diríxense tanto a pemes como a grandes empresas, así como a organismos de investigación que desenvolvan un proxecto de I+D en colaboración cunha ou varias compañías. Apoiaranse tanto proxectos de I+D, como iniciativas de innovación en materia de procesos ou organización - en ambos os dous casos, poderán ser proxectos individuais ou en cooperación-.

O obxectivo é impulsar iniciativas transformadoras do tecido produtivo galego para conseguir un novo modelo industrial baseado na innovación, en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e de transición verde. Enmarcada tamén nos retos da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), supón un estímulo ás empresas para que leven a cabo en Galicia as súas actividades de I+D+i, actúa como elemento tractor na mobilización e atracción de capital privado e permite impulsar a competitividade do tecido empresarial. Ademais, favorece a cooperación entre organismos de investigación e o tecido empresarial.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria, de concorrencia competitiva, publicarase nas próximas semanas e o prazo estará aberto ata o 2 de outubro. Nas edicións anteriores apoiáronse un total de 24 proxectos -con 62 beneficiarios, 15 deles centros tecnolóxicos- cunha mobilización de ao redor de 270M €. Entre as iniciativas desenvolvidas destacan o traballo de Navantia no eido do estaleiro 4.0; o proxecto de Benteler para desenvolver na planta de Valadares un sistema automatizado de trazabilidade das pezas fabricadas; o traballo de Stellantis xunto co CTAG, Aimen, Gradient e Universidade de Vigo para a adaptación da planta aos requirimentos de vehículos eléctricos autónomos e conectados; a iniciativa de Hijos de Rivera con Anfaco para a aplicación de ferramentas 4.0 á produción de bebidas fermentadas, ou o labor de Finsa para desenvolver a fabricación eficiente de novos taboleiros de alto valor engadido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA A ROMARÍA DO SAN ANTONIO VENTUREIRO DE RIQUEIRA NO CONCELLO DE XOVE**

A romaría celébrase cada 13 de xuño coincidindo coa festividade que conmemora o pasamento de San Antonio de Padua

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico a Romaría do San Antonio Ventureiro da Rigueira, do concello de Xove.

Para a declaración como festa de interese turístico de Galicia valóranse aspectos como a creatividade e innovación na celebración dos eventos, o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración das festas e a recepción de visitantes, a afluencia de visitantes, a coordinación das entidades públicas e privadas involucradas nas celebracións, ou o adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolven.

De acordo co procedemento para a declaración de festas de interese turístico de Galicia, unha vez examinadas as solicitudes presentadas polo concello de Xove, e tras os trámites preceptivos, o Consello de Turismo informou favorablemente por cumprir os requisitos exixidos.

A Romaría do San Antonio Ventureiro da Rigueira celébrase o 13 de xuño de cada ano coincidindo coa festividade que conmemora o pasamento de San Antonio de Padua. É unha festividade relixiosa en que a poboación local e as persoas visitantes participan percorrendo calquera dos oito roteiros que conducen á igrexa do San Antonio para conseguir a ventura (diploma de participación) e o lirio branco (flor do santo e emblema da festa).

A declaración de festa de interese turístico de Galicia ten carácter indefinido e comporta a súa inscrición de oficio no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO CONCELLO DO GROVE PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA A GASTROMECA

- O proxecto conta con 2 millóns de euros para crear novos fluxos turísticos e aumentar a visibilidade da zona rural de San Vicente, convertendo a gastronomía no fío condutor
- Destacan a adecuación verde e eficiente do museo da salgadura Salgadeiras de Moreiras e do mercado de abastos, co fin de dar acollida a eventos gastronómicos auténticos e diferenciadores
- O proxecto está incluído no marco do Plan territorial de sostibilidade turística enogastronomía de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello do Grove para a execución do Plan de sustentabilidade turística O Grove. A Gastromecca. Construción dun novo modelo baseado na emoción e a autenticidade a través da súa cultura gastronómica no marco do Plan territorial de sostibilidade turística enogastronomía de Galicia. Conta cun orzamento de 2M €.

Este plan ten como obxectivo consolidar O Grove nun destino turístico cunha oferta diversificada e desestacionalizada, tendo como alicerces fundamentais a transición verde e sustentable e a dixitalización. Ao mesmo tempo, pretende crear novos fluxos turísticos para aumentar a visibilidade da zona rural de San Vicente e converter a gastronomía no fío condutor para impulsar o resto dos recursos do destino. Como accións emblemáticas destacan a adecuación verde e eficiente do museo da salgadura Salgadeiras de Moreiras e do mercado de abastos, co fin de dar acollida a eventos gastronómicos auténticos e diferenciadores.

Inclúe tamén a campaña de concienciación ambiental sobre a separación dos biorresiduos destinados á súa reciclaxe, a ruta dos muíños da Cova da Loba, iluminación eficiente no parque dos Grobbits; instalación de bicicletas eléctricas e puntos de recarga, creación de áreas de descanso e puntos de auga nos paseos marítimos, destino pet friendly, proxecto de creación de refuxios oníricos e a rehabilitación das pasarelas de acceso a praias con establecementos de restauración, entre outras.

#### **Plan territorial enogastronomía**

O Plan territorial de sostibilidade turística enogastronomía de Galicia ten como obxectivo a promoción de Galicia como destino enogastronómico de primeiro nivel, poñendo en marcha actuacións transformadoras en diferentes áreas de Galicia. Está dotado dun orzamento de 31,9M de euros, e está estruturado arredor de 3 actuacións de cohesión en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destino (ACD), cun investimento de 14,9 M€ e 11 plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD), impulsados por entidades locais, que recibirán un total de 17 M€.

A posta en valor dos territorios vitivinícolas, a mellora da comercialización e da promoción de novos produtos turísticos vinculados á enogastronomía galega, a promoción da xestión sustentable desde os destinos e a potenciación do territorio enogastronómico galego como un espazo de desenvolvemento turístico competitivo son os obxectivos arredor dos cales se vertebra este plan, cun forte contido na dixitalización e na innovación gastronómica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA FINANCIARÁ PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA EN MATERIA DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO MARCO DA AXENDA 2030

- A orde conta cunha dotación orzamentaria de 200.000 euros e un período de execución de dous anos, para desenvolver polas universidades galegas en solitario ou en colaboración con outros axentes ou grupos de investigación
- Ao igual que nas últimas convocatorias, a orde alíñase coa Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable tendo en conta que a universidade é un espazo axeitado para promover a innovación que contribúa ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria da orde de axudas destinada a financiar a realización de proxectos de investigación e a creación de grupos de investigación en materia de cooperación ao desenvolvemento no marco da Axenda 2030 que poderán executar grupos e centros de investigación das universidades galegas. A orde, que se comezou a convocar en 2014, estará dotada con 200.000 euros, que se distribuirán entre este ano e o próximo.

O importe máximo da axuda será de 15.000 euros no caso dun investigador/a individual que presente un proxecto de investigación, e ascenderá a 30.000 euros cando se trate dun proxecto dun grupo xa constituído. Pola súa banda, a subvención para a creación dun grupo de investigación poderá chegar a un máximo de 35.000 euros.

Esta convocatoria enmárcase no V Plan director da cooperación galega 2023-2026, así como no Plan anual da cooperación galega para este ano. Cumpre cos obxectivos de apostar por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación, promove unha cultura de investigación que mellora a xestión e contribúe ao impacto das intervencións, e posibilita unha maior orientación estratéxica coa posta en valor das vantaxes diferenciais de Galicia nos sectores con equipos de investigación fortes.

Ademais, esta orde, ao igual que as publicada no 2019 e en 2021, vén determinada pola necesidade de aliñar a convocatoria coa Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable. Neste sentido, os proxectos financiados deben ter como obxectivo a promoción do desenvolvemento humano e sustentable, consonte a axenda nacional e internacional de desenvolvemento e, en particular, aliñados cos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) de Nacións Unidas. Deste xeito, considerase que a universidade é o espazo fundamental para o desenvolvemento da investigación, e é, ademais, o espazo axeitado para impulsar a innovación e cambios de comportamento que nos sitúen na senda do cumprimento dos ODS.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO DOS ACCESOS AO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DA CORUÑA, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 24 M€**

- Resaltou que as obras, que comprenden o anel de circulación ao redor do Novo CHUAC e a configuración das entradas ao complexo, vanse realizar “garantindo o tránsito durante os 24 meses de execución”
- Asegurou que a previsión “é contratar conxuntamente o proxecto construtivo e a execución da obra neste mes de xuño”
- Destaca que o trazado adaptouse “para reducir ao máximo o impacto na contorna” e que non afectará a ningunha vivenda
- Durante as obras crearase un aparcadoiro provisional ao oeste da rúa Curramontes e un acceso de saída cara á AC-10
- O presidente destaca que a Xunta vai investir “máis de 500 millóns de euros” na construción do Novo Chuac, “o investimento máis ambicioso que se fixo nunca en materia sanitaria en Galicia”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe definitivamente “o proxecto de trazado dos accesos ao novo Hospital Público da Coruña”, que suporán un investimento de máis de 24 millóns de euros. “A previsión é contratar conxuntamente a redacción do proxecto construtivo das obras neste mesmo mes”, indicou o presidente que, explicou que as actuacións terán unha duración de “dous anos”.

Rueda lembrou que o Novo Chuac “supón o investimento máis ambicioso que se fixo nunca en materia sanitaria” en Galicia. O presidente lembrou que a Xunta vai destinar máis de 500 millóns de euros a construción do novo hospital público da Coruña. Ademais, resaltou que a Xunta “asume íntegramente o custo de expropiacións de terreos” -é dicir, uns 17 millóns de euros- e comparte co Concello da Coruña os custos das obras dos accesos.

Entre as principais actuacións, as obras van implicar un anel de circulación ao redor do Novo Chuac así como a configuración das entradas ao hospital. Rueda salientou que as obras están deseñadas para “garantir o tránsito pola zona durante os 24 meses de execución” e “vaise habilitar un aparcadoiro provisional”.

O acordo adoptado hoxe polo Goberno galego inclúe a aprobación do trámite de información pública e do informe das administracións afectadas polo proxecto. Ademais, coa aprobación definitiva do trazado dos accesos autorízase, tamén, a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos predios necesarios para levar a cabo esta actuación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O deseño dos novos enlaces reduce as expropiacións a 18 predios. A superficie de expropiación definitiva acadará os 19.074 m<sup>2</sup>, dos cales 14.360 m<sup>2</sup> serán de ocupación definitiva, sen que afecte a ningunha vivenda, e os restantes 4.714 m<sup>2</sup> de ocupación temporal. O procedemento expropiatorio levarase a cabo no segundo semestre do ano, coas convocatorias para levantamento de actas previas e actas de ocupación.

### Mínimo impacto e máxima integración

Rueda resaltou que o trazado "fíxose reducindo ao máximo o impacto na contorna". Nesta liña, destacou que a construción dos novos accesos "non afecta a ningunha vivenda" e "contan coa declaración de impacto ambiental simplificada" que garante o menor impacto visual e a integración no conxunto arquitectónico.

En concreto, o trazado autorizado hoxe no Consello da Xunta recolle a construción dunha nova ligazón sobre a AC-12, cuxa titularidade solicitou a Xunta ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, para mellorar así os accesos, en fase de remate da súa tramitación. Trátase dun enlace de tipo trompeta, similar ao existente.

Como resultado da información pública, modificouse o modo de executar as obras na parte máis próxima ás Xubias, de modo que se evita calquera afección ao pazo Guyatt, ao seu predio e ao peche perimetral.

Así mesmo, prevese un anel perimetral que rodeará o Novo CHUAC, ata a intersección coa rúa Curramontes con Castiñeiro de Eirís, con posibilidade de acceso ao aparcadoiro e ao CHUAC polo viario existente.

Habilitarase un aparcadoiro provisional ao oeste da rúa Curramontes e un acceso de saída cara á AC-10 que estará operativo durante as obras. Estes novos viarios permitirán manter os servizos actuais do hospital sen afección ao tráfico, así como habilitar os viarios necesarios para a construción do Novo CHUAC.

A complexidade e detalle da actuación proxectada pola Xunta amósase tamén nos trazados e nas estruturas que se van executar.

Con respecto ao trazado, destacan os 21 eixes distintos, desde os principais ata pequenos ramais ou encontros, e a nova glorieta, que contará cun diámetro exterior de 41 metros. Ademais, coordínanse cos 5 viarios existentes cos que entronca, así como cos 5 eixes adicionais que se executarán adicionalmente co Novo CHUAC para completar a configuración final. A lonxitude de vías que se inclúen neste proxecto é de 4,09 km, que chegarán a 5,76 km co Novo CHUAC completo.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na intervención proxectada inclúense, ademais, 6 estruturas viarias, que suman 601,5 metros de lonxitude e inclúen: o novo paso superior da AC-12, de 158,8 metros de lonxitude, xunto a unha beirarrúa, ademais da sección para vehículos; o viaduto principal do anel, cunha lonxitude de 157,5 m; e 4 estruturas máis na ligazón da AC-12 no lado do CHUAC, incluíndo 3 pontes ou viadutos, e un paso inferior.

Cómpre destacar o traballo da Xunta no impulso deste proxecto, así como a capacidade de concertación da solución co Concello da Coruña, o compromiso de asumir a titularidade da AC-12, ter conseguido xa o informe favorable de todas as administracións, así como ter coordinados todos os proxectos e a programación da obra viaria e de accesos.

O Goberno galego deulle o seu visto e prace á actuación tras acadarse o pasado mes de marzo o acordo co Concello da Coruña para desbloquear o convenio sobre o Novo CHUAC, logo de que a Xunta puxese enriba da mesa propostas viables e eficientes. Co acordo acadado, o Concello xa non se fará cargo da expropiación do CHUAC, senón que financiará o viario e os accesos, dos cales tamén asumirá a súa titularidade. Esta decisión, xunto cun plan de pagamentos flexible para a achega municipal, propiciou o desbloqueo do convenio que esta mesma semana foi asinado por Xunta e Concello.


O pasado venres a Xunta publicou no *Diario Oficial de Galicia* o inicio da información pública do proxecto de interese autonómico do Novo CHUAC, establecendo o prazo dun mes para que os interesados poidan presentar achegas. Trátase do instrumento de ordenación urbanística do solo necesario para a construción do novo hospital público da Coruña, incluíndo as obras de urbanización e edificación, os accesos desde as vías de alta capacidade e o novo edificio hospitalario nas Xubias, ademais do espazo previsto para a relocalización de vivendas afectadas.

Ademais, tal e como resaltou Rueda, Xunta traballa coa previsión de licitar, tamén en xuño, "a demolición do Hotel do Doente e a construción da Torre Polivalente", é dicir, "do primeiro edificio da fase 1 do Novo Chuac". O presidente lembrou ademais os avances na "case finalizada" fase cero. Nesta liña salientou que xa está en marcha o novo hospital de día de Oncoloxía e a nova unidade de hospitalización, que o hospital de día de Hematoloxía comezará a funcionar antes do verán e progresivamente tamén poñerá en marcha as zonas renovadas de Urxencias, UCI e Farmacia.

### **Planos conxunto do proxecto de accesos:**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### Plano acceso provisional AC-10:




### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Plano conxunto do proxecto co viario definitivo:



### Imaxe actual da contorna



### Infografía



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INCREMENTA NUN 20 % A ACHEGA A 13 ENTIDADES DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE PARA FACILITAR O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR A MÁIS DE 500 ALUMNOS**

- O incremento vai na liña ao realizado nos comedores xestionados pola Consellería de Educación e ten como obxecto compensar a subida de prezos
- Cun investimento total de 256.800 €, favorécese a prestación deste servizo adaptado ás necesidades destes usuarios
- Esta acción enmárcase no compromiso da Xunta coa atención á diversidade, que converte o sistema educativo galego no máis inclusivo de España

A Xunta incrementa nun 20 % a achega ás entidades de atención á discapacidade para a xestión do servizo de comedor escolar adaptado o vindeiro curso, na liña do incremento realizado tamén nos comedores xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura das addendas aos convenios que mantén con estas asociacións, que contarán cun orzamento total de 256.800 €, co que poderán facer fronte á inflación. En total, beneficiaranse 503 alumnos, 12 máis ca no actual curso.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual (Aceasca), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer-Aspace), coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia (Amicos), coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral-A Coruña (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Autismo Ourense, con Hogar y Clínica San Rafael de Vigo, coa Asociación BS A Esperanza del Valle Miñor, coa Fundación Menela, coa Asociación San Xerome Emiliani e coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro.

O obxectivo destes acordos é facilitarlle a este alumnado o servizo de comedor adaptado ás súas particulares necesidades, de tal forma que as asociacións colaboradoras asumen a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o fin das clases e o remate do servizo de comedor. Deste xeito, o alumnado pode aproveitar o carácter didáctico do comedor no que atinxe á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

Para iso, a Xunta compensará cada trimestre ás entidades e asociacións polos gastos derivados da colaboración mutua na prestación do servizo de comedor escolar, coa

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cantidade global que resulte de multiplicar o prezo marcado para o menú polo número de días da prestación efectiva do servizo e polo número de alumnos con discapacidade escolarizados por ditame da Administración educativa.

O prezo establecido para o menú oscila en función do número de usuarios. En calquera caso, o importe máximo increméntase ata os 2,88 € (ata o momento eran 2,40 €) e o mínimo ata os 2,84 (ata o momento 2,37 €).

### **O sistema máis inclusivo**

Esta acción enmárcase no compromiso do Goberno galego coa atención á diversidade. Non en balde, o sistema educativo galego vén de situarse, un ano máis, como o máis inclusivo de España, co 94 % do alumnado galego con necesidades especiais escolarizado en centros ordinarios, segundo os datos do Ministerio de Educación y Formación Profesional.

Ademais, a Xunta está a preparar a futura estratexia de inclusión educativa co fin de avanzar na consolidación dunha escola plenamente inclusiva na que se dea resposta ás necesidades e ás capacidades do conxunto do alumnado.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIARÁ A INTEGRACIÓN NO MERCADO LABORAL DE 60 PERSOAS CON DISCAPACIDADE TRAS UN PERÍODO DE FORMACIÓN DUAL EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO**

- As persoas beneficiarias desta iniciativa son as que tomaron parte na experiencia piloto de formación dual, que puxo en marcha o Goberno galego en 2019
- Tras rematar os tres anos de cualificación e traballo nos centros especiais de emprego, a fase final consiste agora na inserción laboral en empresas galegas
- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para iso, asinará un convenio de colaboración, que se autoriza hoxe no Consello da Xunta, cos seis centros especiais de emprego para, entre outros, visitar e captar empresas e realizar labores de acompañamento durante os primeiros meses de contrato
- A acción forma parte do Plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social que ten en marcha a Xunta cun investimento de máis de 44,4 millóns para 2023 coa previsión de fomentar a contratación e a formación de 6.000 persoas con discapacidade

A Xunta desenvolverá este ano a fase final do programa piloto de formación dual a través do cal nos últimos tres anos un total de 60 persoas con discapacidade intelectual se formaron e traballaron en seis centros especiais de emprego.

Deste xeito, tras cualificarse para obter certificados de profesionalidade en xardinaría, comercio e limpeza e desempeñar un oficio nos centros especiais de emprego, agora trátase de integrar estas 60 persoas no mercado de traballo. Para iso, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e os seis centros especiais de emprego que se adheriron no ano 2019 a esta experiencia piloto de formación dual.

En concreto, esta colaboración, que se aproba hoxe, cun investimento de 360.000 euros, permitirá realizar actuacións en materia de prospección laboral e acompañamento para fomentar a inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual nas empresas galegas. Entre outras actuacións, levarase a cabo a identificación das necesidades do tecido produtivo nas diferentes áreas dos certificados de profesionalidade do programa piloto; visitaranse empresas e realizaranse xornadas para a presentación das persoas participantes, e realizaraselles ás persoas que obteñan un contrato laboral o acompañamento durante os primeiros meses de actividade laboral.

Do que se trata é de que as persoas con discapacidade intelectual, tras estes 36 meses alternando formación e emprego, poidan a partir de agora incrementar a súa empregabilidade na empresa.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Un dos eixes das políticas autonómicas en materia de emprego é o de apoiar a contratación, o emprendemento, a intermediación laboral e a formación das persoas con maiores dificultades para acceder ao mercado de traballo, como son as persoas con discapacidade. Unha cultura laboral inclusiva serve para reter e atraer diversos tipos de talentos ás empresas, o que permite mellorar a innovación, a creatividade e a produtividade.

A Xunta está a apostar, así, pola integración laboral de todas as persoas no sistema produtivo dando resposta a unha necesidade social esencial, xa que o acceso ao emprego é un elemento decisivo para a participación das persoas con discapacidade na economía e na sociedade.

A iniciativa enmárcase no Plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social 2023 ao que a Xunta está a destinar máis de 44,4 millóns de euros en 2023 para favorecer o acceso ao mercado laboral das persoas con dificultades. A edición 2023 do Plan Emprega Discapacidade e Exclusión Social está integrado no presente exercicio por 8 programas (entre eles o de formación dual) cos que se pretende fomentar a contratación e a formación de 6.000 persoas deste colectivo.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINARÁ MÁIS 10,2 M€ A PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO PARA FORMAR E MELLORAR A OCUPACIÓN DE 4.600 GALEGAS E GALEGOS SEN EMPREGO**

- O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria desta iniciativa plurianual para 2023-2024 dirixida a entidades locais e organizacións sen ánimo de lucro coa que se estima poñer en marcha 46 programas integrados de emprego (PIE)
- Cada acción contará con 100 participantes coa exigencia de que polo menos o 35 % accedan ao mercado laboral durante a duración do proxecto
- A Xunta incrementou nun 43 %, ata os 10 € por día, os incentivos de asistencia ás persoas participantes nos PIE
- A convocatoria porá o foco en proxectos innovadores que empreguen as novas tecnoloxías, avoguen por medidas de conciliación, e estean vencellados ao territorio
- A Xunta reserva unha vez máis 2 M€ do orzamento para a posta en marcha de programas dirixidos especificamente a mulleres desempregadas

O Consello da Xunta aprobou hoxe o lanzamento da convocatoria 2023-2024 dos programas integrados de emprego (PIE) que, cun investimento de 10.268.000 euros, permitirá a posta en marcha de 46 accións para formar e incrementar as oportunidades laborais dunhas 4.600 persoas desempregadas.

Poden optar a estas achegas as entidades locais, xuntas ou agrupadas, e as organizacións con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro que serán as que deseñen os programas integrados de emprego.

En cada un dos PIE tomarán parte 100 persoas desempregadas coa garantía de que polo menos o 35 % serán inseridos no mercado laboral durante a duración do proxecto, ben por conta allea (mínimo de 90 días de cotización en vida laboral a xornada completa ou 60 días a xornada parcial); por conta propia (iniciar no mesmo prazo ou nos 3 meses posteriores a esta formación unha actividade), ou como socios/as traballadores/as dunha cooperativa ou sociedade laboral por un tempo non menor de seis meses.

A Administración autonómica ofrece como cada ano bolsas coas que incentiva a asistencia dos demandantes de emprego a estas accións e que para esta edición suben dos 7 € aos 10 € por día. Tamén asume a Xunta de Galicia os custos salariais do persoal necesario para impartir os PIE, así como de desprazamento do dito persoal e os gastos materiais e equipamentos técnicos, entre outros.

Ao igual que noutras políticas de emprego, a Xunta fixa como destinatarias prioritarias dos programas, entre outros colectivos, as persoas con discapacidade, en risco de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, mozas e mozos menores de 30, maiores de 45 anos, inmigrantes ou paradas de longa duración.

A orde que trae a Consello a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está dotada con algo máis de 10 M€ (10.268.000 euros) que se destinarán a estas políticas activas de emprego cun reparto previsto en dúas anualidades: 2023 (2,56 M€) e 2024 (7,7 M€). Do total do importe, 4 M€ serán axudas para concellos e 6,2 M€ para entidades sen ánimo de lucro. A Xunta reserva ademais 2 M€ do total da convocatoria ao financiamento de programas dirixidos en exclusiva a mulleres desempregadas, para que reciban atención específica que lles permita a súa incorporación no mercado laboral.

O Goberno galego fomentará a través desta nova convocatoria os proxectos innovadores que se caractericen pola utilización das novas tecnoloxías. Tamén as actividades que propoñan medidas de conciliación e que estean vencelladas co territorio onde se imparten.

Os programas integrados de emprego porán o foco en accións encamiñadas á información, orientación e asesoramento, formación nas especialidades do catálogo do Servizo Estatal de Emprego (SEPE), técnicas de motivación para o emprego e intelixencia emocional, habilidades sociolaborais, fomento da capacidade emprendedora, prospección laboral, formación para o emprego, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

### **Plan galego de formación**

A actuación enmárcase no Plan galego de formación para o emprego ao que o Goberno autonómico está a destinar este ano máis de 125 M€ para mellorar a cualificación profesional de persoas traballadoras ocupadas e desempregadas, a competitividade das empresas e dar cobertura ás vacantes laborais existentes na actualidade.

Ademais dos PIE, o plan está integrado por outras catro iniciativas xa aprobadas neste primeiro tramo do ano: as accións formativas para persoas desempregadas (70 M€ para formar 23.000 persoas en 2023-2024), a formación para persoas ocupadas (7,7 M€ no período 2023-2024 para chegar a unhas 20.000 persoas traballadoras), os convenios con clústeres (3,3 M€ para nove convenios cos que se formarán 7.500 persoas desempregadas) e os obradoiros duais (38,9 M€ en 2023-2024 para mellorar as posibilidades de inserción dunhas 1.400 persoas desempregadas).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ESTENDERÁ O USO DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL COMO FERRAMENTA DE APOIO NAS DECISIÓNS DO PERSOAL SANITARIO

- É unha das liñas de actuación máis relevantes do Plan estratéxico de transformación da saúde dixital 2023-2026
- Con este plan, que conta cun orzamento de 200 millóns de euros, inténtase axudar a transformar e evolucionar o modelo de atención á cidadanía
- Ten un total de 14 liñas estratéxicas e 52 liñas de actuación, que engloban un conxunto de 120 proxectos a levar a cabo

A Xunta de Galicia incorporará ferramentas de intelixencia artificial, algoritmos de decisión e outros sistemas de información para facilitarlle ao persoal da sanidade pública galega a toma de decisións no diagnóstico ou tratamento dos pacientes, utilizando a información da experiencia clínica previa a través de sistemas de alertas e procesos dixitalizados que identifiquen patróns e axuden ao profesional a minimizar erros.

Esta é unha das liñas de actuación fundamentais do Plan estratéxico de transformación e saúde dixital da Consellería de Sanidade 2023-2026, aprobado hoxe pola Xunta de Galicia na súa reunión semanal, e dotado cun orzamento de 200 M€, que persegue axudar a transformar e evolucionar o modelo de atención á cidadanía co apoio necesario aos profesionais sanitarios.

O plan permitirá dar resposta aos retos do sector e da poboación, potenciando unha organización baseada no coñecemento do dato, centrada e conectada integramente co paciente e a procura da súa autonomía, e onde as novas tecnoloxías axuden na xeración de información e coñecemento, axustándoo ás necesidades cambiantes da contorna e de todos os profesionais sanitarios que forman parte da organización.

Grazas a este plan, potenciarase a conectividade dos recursos sanitarios dos diferentes ámbitos asistenciais, avanzando cara a un modelo de centros intelixentes que impulse unha maior eficiencia, e optimizando o uso de todos os recursos dispoñibles no sistema sanitario público galego.

Así, ampliaranse os actuais servizos dixitais para axudar ao paciente a aumentar o coñecemento que ten sobre a súa enfermidade, a detección de situacións de agudización ou outras complicacións.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xunto ao anterior, abordarase, tamén, a transformación dos diferentes sistemas de información con capacidade de xerar un impacto na saúde pública, facilitando a xeración dunha cultura en que a vixilancia da saúde e os hábitos de vida saudables sexan unha prioridade a nivel social.

### **Liñas estratéxicas e de actuación**

Co obxectivo de dar resposta aos retos mencionados, o departamento sanitario galego definiu un total de 14 liñas estratéxicas e 52 liñas de actuación, que engloban un conxunto de 120 proxectos a levar a cabo no marco do plan. O seguimento dos obxectivos estratéxicos de cada unha destas liñas realizarase grazas á avaliación dunha serie de indicadores.

As liñas estratéxicas do plan son: a transformación dixital da saúde pública e da asistencia; a consulta sanitaria virtual e a teleasistencia; a integración de tecnoloxías innovadoras; a automatización de procesos; o reforzo e evolución de tecnoloxías, infraestruturas e sistemas; a ciberseguridade; a xestión e capacitación de profesionais; o sistema de axuda intelixente ao profesional na toma de decisións; a eficiencia e mellora dos procesos da xestión económica; o control e monitorización dos procesos críticos e indicadores de eficiencia; a interoperabilidade; a experiencia e empoderamento do paciente, e a creación de plataformas para a xestión da investigación biomédica.

Dentro das liñas de detalle do plan atópanse o desenvolvemento de solucións tecnolóxicas innovadoras para a prevención e a promoción da saúde (App's, Realidade Virtual, Gamificación,...); o desenvolvemento e despregamento dunha historia clínica intelixente (IANUS V.5); a dixitalización completa da imaxe de anatomía patolóxica no Sergas; o despregamento de sistemas de diagnóstico remoto de imaxe médica; a integración da intelixencia artificial nos procesos de diagnóstico por imaxe; a creación de solucións para a xestión de unidades cardiolóxicas; a adquisición e despregamento de plataformas de xestión de UCIs en rede; a implantación de sistemas para a optimización da xestión intelixente de quirófanos; o despregamento de plataformas de autocoidado integradas na historia clínica electrónica; o despregamento de asistentes virtuais para o cidadán; o desenvolvemento de solucións 3D de impresión de modelos de simulación para o apoio á planificación cirúrxica, e o desenvolvemento dun sistema de vixilancia epidemiolóxica.

### **Retos para abordar**

Cómpre remarcar que o sistema de saúde de Galicia constitúe un pilar fundamental do benestar da cidadanía, sendo referente a nivel internacional e nacional, polo que o seu mantemento e evolución requiren dunha aposta clara para impulsar estratexias e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actuacións adecuadas, destinadas a reforzalas e a asegurar a súa sustentabilidade a longo prazo.

Estes últimos anos, nunha contorna de emerxencia sanitaria mundial provocada pola pandemia, púxose de manifesto o papel relevante que as tecnoloxías da información deben ocupar na superación das crises e a necesidade de reforzar as ferramentas e recursos destinados aos coidados e a atención sanitaria en escenarios cambiantes.

Ao mesmo tempo, faise esencial potenciar unha organización baseada no dato, onde os profesionais necesitan dispoñer de máis cantidade de información precisa, completa e fiable en tempo real, que lles facilite a adopción de decisións de enorme transcendencia sobre a vida das persoas e o funcionamento da propia organización.

Adicionalmente, Galicia ten retos importantes que abordar ao ter unhas características sociodemográficas e xeográficas onde o envellecemento da poboación, a dispersión territorial e a ruralidade nalgúns das nosas zonas, fan necesaria a formulación de novos modelos e solucións asistenciais innovadoras.

Nun mundo onde o acceso e a hiperconectividade entre persoas é unha realidade grazas a dispositivos e tecnoloxías presentes no noso día a día, faise necesaria unha transformación do ecosistema e modelo sanitario, cunha clara determinación para conseguir que o sistema sanitario público pase de ser unha organización sanitaria a ser unha organización de saúde dixital.

### **Boa situación de partida**

Cabe destacar que Galicia afronta estes retos nunha situación de partida moi favorable, pois dispón dun ecosistema sanitario galego moi potente, cun alto compoñente de innovación, con profesionais asistenciais de prestixio.

Tamén dispón de sistemas de información integrados que incorporan ferramentas tecnolóxicas cuxa potenciación favorecerá a aparición de novas canles de comunicación coa cidadanía e o deseño de novos servizos de atención máis personalizados e axustados aos perfís dos pacientes.

Hai que remarcar, así mesmo, que a nosa comunidade está a traballar nos últimos cinco anos baseándose nos principais eixos definidos no Plan director de sistemas e tecnoloxías da información en sanidade 2016-2020, e a Estratexia Galicia Dixital 2030. Estes documentos proxectaban unha visión estratéxica articulada ao redor duns eixos que comprendían a totalidade do sistema sanitario galego, co obxectivo de afondar na consolidación dunha atención integral para a cidadanía galega, unha xestión eficiente

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dos recursos e unha implicación dos profesionais para acadar a mellora da saúde das galegas e galegos.

Subliñar, tamén, que a hiperconectividade é unha realidade crecente que está a vir acompañada dun crecemento explosivo da demanda por parte dos cidadáns. Ademais, o crecemento do uso de aplicacións dixitais de saúde (como Sergas Móbil), así como de dispositivos médicos conectados á internet, permitirán optimizar os procesos asistenciais e mellorar a interacción co paciente, tal e como se observou co incremento da oferta e da demanda de servizos de telemedicina ou atención virtual nos últimos anos, que se seguirán a potenciar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA PORÁ EN MARCHA O PROGRAMA XUVENTUDE MENTORING NA EMPRESA CON ESTADÍAS FORMATIVAS DE TRES MESES PARA MOZOS DE 18 A 30 ANOS**

- Deste xeito amplíase o programa de mentorización e asesoramento Xuventude Mentoring para seguir impulsando a inserción laboral da mocidade
- O Goberno galego destina 1,3 millóns de euros a esta nova iniciativa

O Consello da Xunta dá o visto bo ao programa Xuventude Mentoring na Empresa que achega estadías formativas de tres meses a mozos de 18 a 30 anos para favorecer a súa inserción laboral. Esta iniciativa procura ser unha ampliación do programa Xuventude Mentoring, que vai na súa terceira edición e se centra na titorización e na mentorización de mozos e mozas.

A Xunta de Galicia vai destinar 1,3 millóns de euros ao novo Xuventude Mentoring na Empresa para que a mocidade teña unha nova ferramenta que lle permita o seu acceso ao mercado laboral.

Serán Concellos ou entidades sen ánimo de lucro as que poidan presentar proxectos a este novo programa. Eles acollerán aos participantes, un mínimo de 10 persoas e un máximo de 25 por proxecto, e acordarán coas empresas as estadías formativas destes mozos. O Goberno galego concederalle un máximo de 120.000 euros para poñer en marcha o seu proxecto formativo.

Na achega inclúese unha bolsa de formación por mozo participante dun mínimo de 630 euros ao mes, que se podería incrementar en 100 euros por custos de desprazamento e outros 100 para os mozos cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. Ademais, os participantes contarán cun plan formativo en habilidades e competencias para o emprego, cun mínimo de 20 horas lectivas.

Estímase que se poidan beneficiar do Xuventude Mentoring na Empresa arredor dunha decena de proxectos e uns 250 mozos galegos de entre 18 e 30 anos que estean anotados no Sistema nacional de Garantía Xuvenil.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA MÁIS DE 19 M€ AO CONTRATO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE LIXO NOS PORTOS AUTONÓMICOS PARA UN PERÍODO DE ATA CATRO ANOS

- O concurso é para un prazo inicial de dous anos, por importe de máis de 9,6 millóns de euros, e poderanse realizar dúas prórrogas anuais ata chegar a ese importe máximo e a eses catro exercicios
- Os traballos inclúen a limpeza nas zonas de servizo dos 122 portos autonómicos, tanto en terra como na lámina de auga, e a recollida dos residuos xerados nos peiraos incluíndo o seu traslado a xestores autorizados para un axeitado tratamento
- O procedemento establece a división en tres lotes por distribución xeográfica para facilitar a concorrencia das pequenas e medianas empresas e favorecer unha maior eficiencia na realización das distintas tarefas
- Entre as actuacións previstas inclúese un servizo de inspección e caracterización dos residuos retirados durante o primeiro ano co obxectivo de que Portos de Galicia poida optimizar no futuro a limpeza e recollida de refugallos

A Xunta, a través de Portos de Galicia, destina máis de 19,3 millóns de euros ao servizo de limpeza e recollida de residuos nos portos autonómicos para os próximos catro anos. O contrato inicial será de dous anos, por importe de máis de 9,6 millóns de euros, e poderanse realizar dúas prórrogas anuais ata chegar a un máximo de catro exercicios e a ese valor estimado de máis de 19 millóns de euros.

O Executivo galego autorizou hoxe en Consello esta contratación para a realización de traballos de limpeza nas zonas de servizo dos portos que non estean en réxime de concesión ou autorización, tanto en terra como na lámina de auga, e a recollida dos residuos xerados nos peiraos incluíndo o seu traslado a xestores autorizados para un axeitado tratamento. Deste xeito dáse continuidade ao contrato e á prestación do servizo vixente na actualidade.

O procedemento establece a división do contrato en tres lotes por distribución xeográfica para facilitar a concorrencia das pequenas e medianas empresas e favorecer unha maior eficiencia na realización dos traballos. Deste xeito, a contratación abrangue os 122 portos de titularidade autonómica nas tres provincias costeiras repartidos neses tres lotes, que se corresponden coas tres zonas administrativas coas que conta Portos de Galicia: zona norte, coincidente coa franxa cantábrica, zona centro, a costa atlántica da provincia da Coruña, e zona sur, a provincia de Pontevedra.

O servizo refírese á recollida, transporte e xestión de refugallos derivados da actividade portuaria e tamén das papeleiras e contedores colocados nas instalacións portuarias. Ao

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mesmo tempo, afecta á limpeza xeral, sexa manual ou mecánica, limpeza de ramplas, escaleiras de fábrica, pantaláns e diques flotantes, roza de maleza e sega de herba e limpeza das redes de saneamento e pluviais.

O contrato tamén inclúe, entre outros, traballos de limpeza da lámina de auga dos peiraos, dos edificios portuarios, dos canlóns, baixantes e cubertas dos inmobles ou tarefas de limpeza extraordinarias, derivadas de actividades puntuais ou necesidades de retirada de residuos dos fondos mariños.

Nas actuacións previstas tamén está un servizo de inspección e caracterización dos residuos durante o primeiro ano co obxectivo de coñecer a magnitude de volume e peso detallada que permita a Portos de Galicia optimizar no futuro a limpeza e recollida de refugallos nas súas instalacións.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA RESALTA QUE A XUNTA DESTINA 14,6 M€ A AXUDAS PARA IMPULSAR O USO DE ENERXÍAS RENOVABLES TÉRMICAS EN EMPRESAS, ADMINISTRACIÓN E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO**

- Asegura que a previsión é “mobilizar 33,4 M€” en investimentos para instalar sistemas xeotérmicos, solares térmicos ou de biomasa
- Destaca que con estas achegas se busca reducir as emisións de CO2 “equivalentes a plantar 1,3 millóns de árbores” e acadar “aforros de ata 3,6 millóns de euros na factura eléctrica ao ano”
- O Concello da Xunta avaliou hoxe as novas convocatorias destinadas a administracións e entidades do terceiro sector sen actividade económica, así como a liña dirixida ao tecido empresarial

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego inviste 14,6 millóns de euros en dúas liñas de axudas para impulsar as enerxías renovables térmicas e reducir os custos enerxéticos en todos os eidos. En concreto, o Consello avaliou esta mañá a nova convocatoria para o fomento de enerxías renovables térmicas en administracións e entidades do terceiro sector, así como a ampliación da liña dirixida a empresas.

Rueda explicou que a previsión é que estas achegas “permitan mobilizar 33,4 millóns de euros” en investimentos para instalar “caldeiras de biomasa” ou sistemas “xeotérmicos, solares térmicos, de aerotermia” ou hidrotermia.

O presidente do Goberno autonómico asegurou que a través do uso desta enerxía renovable búscase “acadar aforros de 3,6 millóns de euros ano na factura da electricidade” e poderanse reducir as emisións de CO2 “equivalentes á plantación de 1,3 millóns de árbores”. En canto ao consumo, a previsión é favorecer aforros anuais de 95.000 MWh/ano.

A Xunta activará nas vindeiras semanas a liña dirixida a administracións locais, entidades públicas e tamén privadas sen ánimo de lucro. De concorrencia non competitiva, apoiará o uso de biomasa, xeotermia, hidrotermia, aerotermia e solar térmica con axudas que alcanzarán o 70 % de intensidade.

Por outra parte, amplíase o orzamento da convocatoria destinada a empresas para o uso do mesmo tipo de fontes renovables. Nesta liña, as axudas serán dun 35 % no caso de grandes compañías, un 40 % para as medianas e un 45 % no caso das pequenas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Preténdese non só a redución dos custos enerxéticos e a mellora da calidade de vida ligada ao coidado medioambiental, senón tamén contribuír á dinamización económica e a un cambio cultural necesario para abordar a transición enerxética en todos os eidos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA FINANCIA 67 PROXECTOS DE PEMES E AUTÓNOMOS GALEGOS PARA MELLORAR A SÚA COMPETITIVIDADE, XERAR EMPREGO E FAVORECER A INNOVACIÓN**

- A través desta convocatoria do Galicia Investe súmanse axudas directas por importe dun total de 5,5 M€ e concédense 800.000 € en préstamos parcialmente reembolsables, contribuíndo á creación ou mantemento de 200 empregos
- Enmarcado na Axenda Financeira, o programa financia novas iniciativas, potencia o mantemento e creación de emprego e favorece o desenvolvemento da innovación a través de tres grandes eixos de actuación: iniciativas de investimento empresarial, mellora do sector de aloxamento hostaleiro e adquisición de equipamento produtivo
- Os apoios cubriron proxectos desde 25.000 ata 900.000 €, resultando o investimento medio mobilizado por iniciativa de algo máis de 320.000 €, e o importe medio da subvención de 82.000 €
- Por sectores, destaca o sector aloxamento, con 13 proxectos, impulsando tamén varias iniciativas no eido da fabricación de carpintería metálica, impresión e artes gráficas, na reparación ou fabricación de maquinaria ou na fabricación de produtos de plástico

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o balance da última convocatoria do programa Galicia Investe, que ata a data está a mobilizar investimentos por valor de preto de 22 M€ na procura de promover a competitividade de pemes e autónomos galegos. Enmarcada na Axenda Financeira, ademais de apoiar novas iniciativas, potencia o mantemento e creación de emprego e favorece o desenvolvemento da innovación.

Por primeira vez posibilitouse a opción de solicitar conxuntamente axudas e préstamos para o financiamento de proxectos. Neste sentido, aprobáronse 67 proxectos que suman axudas por importe dun total de 5,5 M€, e concedéronse case 800.000 euros en préstamos parcialmente reembolsables. Por provincias, a que máis iniciativas sumou foi Pontevedra, con 31, seguida da Coruña (28), Lugo (6) e Ourense (2).

O programa cobre tres grandes liñas de actuación: unha centrada nos proxectos de investimento empresarial, outra que atende iniciativas de mellora do sector do aloxamento, e a última que pon o foco en investimentos en equipamento produtivo.

Así, no contexto da primeira liña promovéronse a creación de novos establecementos, a ampliación da capacidade dos existentes, a diversificación da súa produción e os cambios nos procesos globais da propia produción. No relativo ao sector de aloxamentos, apoiouse a creación de novos establecementos hoteleiros, a ampliación da capacidade dos existentes e a súa modernización. Na terceira liña, facilitouse a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ampliación de capacidade dun establecemento existente e os investimentos en bens de equipamento.

No que se refire á distribución por sectores, destaca o do aloxamento, con 13 expedientes aprobados a través da liña específica para este ámbito. Tamén se aprobaron varios proxectos relacionados coa fabricación de carpintería metálica, impresión e artes gráficas, a reparación de maquinaria e a fabricación de produtos de plástico, de produtos metálicos e de maquinaria.

Os apoios cubriron proxectos desde 25.000 ata 900.000 €, chegando ao 35 % dos investimentos no caso das pequenas empresas, e ao 25 % para as medianas. Cómpre salientar que sete das iniciativas aprobadas superaron os 800.000 €, resultando o investimento medio mobilizado por proxecto de algo máis de 320.000 €, e o importe medio da axuda de 82.000 €.

Aquelas solicitudes que contaron cun investimento subvencionable superior a 500.000 €, puideron pedir un préstamo parcialmente reembolsable para o seu financiamento, correspondendo o tramo non reembolsable coa axuda concedida. Deste xeito, a Xunta de Galicia segue a dar unha resposta coordinada ás necesidades financeiras de pemes e autónomos, facilitando á vez axudas e préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento de proxectos de investimento empresarial.

O Goberno galego traballa xa nunha nova convocatoria do Galicia Inviste, que se lanzará en próximas datas, recollendo tamén a posibilidade de solicitar conxuntamente axudas e préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento de proxectos de investimento empresarial. Desde o ano 2018, este programa ten permitido xa apoiar preto de 350 proxectos mobilizando investimentos por valor de máis de 120 M€.

Estes datos reflicten o compromiso da Xunta de Galicia co tecido empresarial, en particular coas pequenas e medianas empresas e cos autónomos, na procura de facilitar o acceso a axudas e financiamento que precisan para realizar os seus investimentos e potenciar así a xeración de emprego, a innovación e a creación e posta en marcha de proxectos empresariais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA A DOTACIÓN DE POLOS CREATIVOS NO 100 % DOS CENTROS EDUCATIVOS A PARTIR DO VINDEIRO CURSO**

- Salienta que a ampliación destes espazos tecnolóxicos en todos os centros públicos e concertados que imparten 2º ciclo de infantil, primaria e ESO consolida que o sistema educativo galego está “á vangarda” no uso e aprendizaxe das novas tecnoloxías
- Instalaranse máis de 1.000 novos polos, que se suman aos 225 que xa funcionan desde o presente curso
- Esta acción, enmarcada na Estratexia Galega de Educación Dixital, supón un investimento de 19 M€
- Despregaranse máis de 80.000 elementos de equipamento especializado de audiovisual e fotografía, electrónica e robótica, fabricación e construción e téxtil e informática, todos eles adaptados aos niveis educativos aos que van dirixidos
- Ciencia, tecnoloxía e creatividade combínanse nestes espazos de innovación onde o alumnado pode desenvolver proxectos en grupo mediante a experimentación, abordar problemas reais e realizar fabricación a pequena escala

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que a partir do próximo curso estenderase a dotación de Polos creativos a todos os colexios e institutos sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas regradas de 2º ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria. Deste xeito, salientou que “o cen por cen” dos colexios e institutos públicos e concertados galegos van dispoñer destes espazos tecnolóxicos nos que as e os rapaces traballan competencias en ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas e que se estrearon por primeira vez no presente curso escolar.

O mandatario galego valorou a extensión dos Polos creativos xa que supón consolidar o sistema educativo galego “á vangarda” no uso e aprendizaxe da novas tecnoloxías. Así pois, máis de 1.200 centros educativos contarán con este servizo. Para iso, segundo concretou, a xunta investirá 19 millóns, tal e como se recolle no informe elevado hoxe ao Consello da Xunta.

Os beneficiarios serán arredor de 1.000 novos centros, que se sumarán aos 225 polos xa implantados este ano (218 en colexios e outros 7 nos centros de formación e recursos nas catro provincias). A maiores, tamén disporán do material todas as aulas hospitalarias e haberá kits específicos para a atención domiciliaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda avanzou que, en total, se despregarán máis de 80.000 unidades de equipamento especializado de audiovisual e fotografía, electrónica e robótica, fabricación e construción e téxtil e informática, con kits adaptados aos niveis educativos aos que van dirixidos. Haberá kits de electrónica básicos e avanzados para diferentes idades, robots de chan e programables, placas microbit, microcontroladores, sistemas domóticos, circuítos de papel, escaneado e impresión 3D, tabletas, xogos de construción de pezas encaixables e sistemas para a creación de audiovisuais, entre outros.

O presidente da Xunta precisou que o importe total destas máis de 80.000 unidades acada os 13 millóns de euros aos que se suman outros 6 millóns específicos para accións de formación, apoio e acompañamento ao profesorado en materia STEM. Isto inclúe a posta á disposición dos centros de recursos software baseados en procesos de intelixencia artificial, como o procesamento de linguaxe natural, a visión artificial, a xeración de imaxes ou música ou o *machine learning*.

Rueda salientou o feito de que esta iniciativa tamén se adaptará para os nenos e nenas que, por enfermidade, reciben a educación no hospital ou na casa.

### **Galicia, polo de innovación educativa**

Os Polos creativos están deseñados como lugares de innovación educativa no que se traballan as competencias STEM, a co-creación, a solución de problemas reais e o pensamento de deseño e habilidades. Teñen un deseño modular e innovador e contan con equipamento especializado e organizados didacticamente para fomentar a creatividade, a aprendizaxe por competencias e o traballo manipulativo.

As actividades que se desenvolven neles abordan aspectos como a intelixencia artificial, as tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual ou a robótica, entre outros.

O obxectivo desta novidosa acción, que comezou neste curso coa implantación de 225 Polos creativos e un investimento de 8 millóns de euros, e que agora se completa para todos os centros, é o de avanzar cara un modelo de infraestruturas educativas máis innovadoras que contribúan a consolidar Galicia como referente a nivel estatal na incorporación de tecnoloxías STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) ao proceso de ensino-aprendizaxe no sistema educativo público.

A acción enmárcase na folla de ruta da Estratexia galega de educación dixital e do Plan de nova arquitectura pedagóxica.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA REDUCIRÁ A PEGADA AMBIENTAL XERADA POLOS SISTEMAS DE ANESTESIA

- Os 98 equipos de anestesia adquiridos polo Goberno galego permitirán controlar e reducir a emisión de gases anestésicos de elevado efecto invernadoiro
- A recente renovación das máquinas de anestesia do sistema sanitario público galego, por preto de cinco millóns de euros, coloca Galicia nunha posición estratéxica para liderar un proxecto de anestesia sostible pioneiro en toda Europa
- A monitorización dos consumos permitirá identificar e abordar aqueles puntos onde o uso non sexa eficiente nin medioambientalmente aceptable

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade sobre a proposta do proxecto de anestesia sostible. No informe recóllese que a situación actual do Sergas en canto a proxectos de innovación relacionados coa mellora do noso comportamento ambiental, así como a dotación de 98 máquinas de anestesia de altas prestacións, adquiridas en setembro do pasado ano pola Xunta por preto de cinco millóns de euros, colocan o departamento sanitario galego nunha posición estratéxica para liderar un proxecto de anestesia sostible que, por alcance (rexional) e situación tecnolóxica, non ten equivalente en Europa.

Este proxecto pretende mitigar o impacto que os gases empregados na anestesia xeral inhalada teñen na pegada ambiental da actividade sanitaria. Os gases anestésicos empregados na indución e no mantemento da anestesia xeral son de elevado efecto invernadoiro e supoñen ao redor do 5 % do total das emisións dos sistemas de saúde. O impacto é tan elevado que a eliminación dos gases de maior efecto, so na área sanitaria da Coruña e Cee, sería a equivalente a reducir as emisións producidas por máis de 1.400 vos entre Barcelona e Copenhague, ou por un vehículo que realizase 200 voltas completas ao mundo. Para neutralizar o efecto destas emisións so nun área sanitaria sería preciso plantar máis de 40.000 árbores.

Os obxectivos deste proxecto son dous, ademais do principal, que consiste na redución da utilización dos gases con maior potencial de quecemento, debe estudarse a viabilidade da substitución dos procesos de anestesia xeral por solucións máis sostibles, cando sexa posible, e sempre garantindo a seguridade do paciente e da propia intervención.

A renovación tecnolóxica nos quirófanos do Sergas cos novos sistemas de anestesia de altas prestacións, aproveitarase para poñer en marcha este proxecto empezando pola concienciación dos xestores e dos profesionais da anestesia, dando a formación adecuada e necesaria e, terminando por determinar a nosa liña de base e a evolución do comportamento ambiental da anestesia xeral inhalada no Sergas. Isto é posible porque

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as novas máquinas adquiridas polo Sergas dispoñen da tecnoloxía adecuada para poder reducir, medir e controlar, de xeito moi preciso, o emprego dos gases durante a anestesia xeral.

### **Innovador e pioneiro**

A recente renovación centralizada de sistemas de anestesia para os bloques cirúrxicos do Sergas, consistente nesas preto de 100 máquinas, xerou unha situación estratéxica para poñer en marcha no proxecto de anestesia sostible, debido ao seu carácter innovador e pioneiro tanto en España como fóra.

Estes novos sistemas de anestesia, de altas prestacións, foron adquiridos con requisitos de traballo a baixo fluxo, circuíto pechado e anestesia automática. Ademais, son capaces de monitorizar o consumo de axente anestésico e presentan un menor consumo eléctrico en comparación coas máquinas de xeracións anteriores.

A monitorización do consumo de gas nas máquinas, cuxo dato é exportable, permitirá a transformación directa dos devanditos consumos en emisións, sen a necesidade de estimalos con base na adquisición de botellas. Así mesmo, a monitorización dos consumos permitirá identificar e abordar aqueles puntos onde o uso non sexa eficiente nin medioambientalmente aceptable.

No contrato de subministración dos sistemas de anestesia incluíuse a formación obrigatoria do provedor en traballo con baixos fluxos, así como a formación inicial das máquinas. Actualmente, está a traballar na elaboración dun programa de formación que abrangue diferentes aspectos da anestesia sostible.

### **Proxectos do Sergas en materia ambiental**

Cómpre remarcar que o Sergas leva anos traballando en materia ambiental a través de múltiples proxectos que abranguen tanto a mitigación (redución do noso impacto) como a adaptación. Os centros do organismo sanitario galego xa dispoñen de información da súa pegada de carbono.

Actualmente, o Sergas atópase traballando na elaboración da súa propia estratexia ambiental e de economía circular aliñada coa Estratexia de Economía Circular da Xunta de Galicia. O organismo sanitario galego sumouse en 2021 ao proxecto Race to Zero, que promove Nacións Unidas, co obxectivo de conseguir cero emisións de carbono nas instalacións sanitarias no 2040, sendo o Sergas o único servizo de saúde de todo o Estado que apostou pola carreira cara ao cero.

Outras medidas do Sergas neste campo destacadas son os proxectos Low Carbon e o Life Resystal, iniciativa piloto no Hospital de Lugo, a primeira, e no de Ourense, a segunda. Ademais, o Sergas recibiu varios premios internacionais no ámbito da

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sustentabilidade polas súas iniciativas, liderado e resiliencia, e é xa un referente en Europa.

Cómpre sinalar que a actividade sanitaria é responsable do 5 % das emisións totais. Esta porcentaxe é mesmo maior nos países con sanidade pública e universal con gran nivel de desenvolvemento, como é España. Dentro das emisións propiamente derivadas da actividade asistencial, atópanse as producidas polos procedementos de anestesia xeral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

